NOTAS AO PROGRAMA

Continuando coa idea de potenciar o talento individual dos nosos músicos-profesores da BMMC e ao mesmo tempo mostrarlle valiosas partituras escritas orixinalmente para ensembles de vento, hoxe imos escoitar, en primeiro lugar, unha das obras máis populares do compositor húngaro Ferenc Farkas. A súa *Contrafacta hungarica* é unha suite de danzas, baseadas no seu rico folclore natal e en melodías que datan na súa maioría do século XVI. De feito, o termo "contrafacta" foi usado na Idade Media e no Renacemento. Farkas compuxo esta suite en 1974, aínda que a versión para octeto de ventos data de 1976 e foi estreada en Bern o 15 de maio de 1977, a cargo do Berner Bläseroktett, dirixido por András Farkas.

A continuación, interpretaremos unha obra relativamente pouco coñecida do compositor francés Darius Milhaud. Ademais de ser coñecido como membro do Grupo dos Seis e porque incorporou o recurso da politonalidade ás súas composicións, así como por asumir a influencia do jazz por unha parte e da música brasileira por outra, a el debémoslle un exemplo de repertorio de calidade escrito orixinalmente para banda, coa súa "suite francesa" de 1944, que con posterioridade foi adaptada para orquestra. Entre 1917 e 1923, compuxo seis pequenas sinfonías; dedicoulle a quinta ao conxunto de ventos. Escribiuna en 1922 en Varsovia e dedicoulla a Marya Freuna, quen o acompañou naquela viaxe por Polonia.

Concluímos a primeira parte co *Septeto* para ventos de Paul Hindemith. Aínda que a obra data de 1948, no que poderiamos cualificar como período de plena madurez, o compositor e director alemán retoma no seu septeto algunhas das características das obras que escribiu na década de 1920 e 1930: neoclasicismo, emprego de formas clásicas e barrocas, contrapunto laborioso, ensembles pequenos etc. No septeto, destacan a relación palindrómica do segundo movemento co cuarto e o emprego dunha melodía popular a cargo da trompeta, mentres se desenvolve a tripla fuga do último tempo. Foi escrito entre novembro e decembro de 1948, nunhas vacacións familiares en Sicilia. Desde a estrea o 30 de decembro de 1948, a cargo de membros da Orchestra Sinfonia Stabile da Camara en Milán, baixo a dirección do autor, considerouse como unha obra mestra do século XX.

Na 2.ª parte, ofrecerémoslles músicas escritas en torno á hoxe en día tan discutida festa dos touros. Imos abrir cun pasodobre do prolífico compositor valenciano Rafael Talens Pelló, quen faleceu fai tan só tres anos e que nos deixou un extenso e valioso catálogo dedicado principalmente á banda. Dada a súa bela factura, o seu *Tercio de quites* de 1981 (adicado á Peña Taurina do séu Cullera natal) gañou un lugar importante nun repertorio moi característico e que conta con páxinas moi inspiradas.

Del ballet "Belmonte", que en 1988 escribira o inimitable Carles Santos, preséntase unha extensa selección en forma de suite de concerto, que, entre moitas outras cousas, pon de relevo a facilidade do artista de Vinaroz para crear un mundo peculiar baseado nun minimalismo hipnótico e fascinante característico nel, que se fusiona con elementos contrapuntísticos e folclóricos. Para a súa estrea o mesmo ano da súa composición en Barcelona, encontráronse os coreógrafos Cesc Gelabert e Lydia Azzopardi, ademais do pintor Fréderic Amat. No programa, describíase o espectáculo como unha abstracción en termos coreográficos, musicais e plásticos do mundo dos touros e que utiliza a extraordinaria personalidade do célebre toureiro sevillano Juan Belmonte (1882-1961), como secreta forza de inspiración. Tratábase dun espectáculo elegante, unha fantasía e unha análise da festa taurina, en que se unían a referencia ao popular no movemento, a imaxe e a música, coa estilización, a repetición e a abstracción. Debemos destacar, ademais, o feito de ser quizais o primeiro ballet escrito orixinalmente para banda de música e, tal e como se dixo na estrea: o recurso á banda de música foi unha das descubertas deste espectáculo.

Concluiremos co pasarrúas da zarzuela *Pan y toros*, de Francisco Asenjo Barbieri. Esta é outra das páxinas que goza de maior popularidade no xénero e que nos servirá para despedirmos o concerto de hoxe.

Andrés Valero-Castells
www.andresvalero.com

ANDRÉS VALERO-CASTELLS

(director)

(Silla, 1973).
Fórmase nos CCSS de Valencia e Murcia e titúlase en 8 especialidades, con 4 mencións de honra e Premio de Fin de Carreira.

Entre o seu profesorado máis destacado están: R. Ramos, L. Balada, E. García Asensio, e E. Cifre, M. Galduf, J. M.ª Vives, V. Campos etc. Asistiu a cursos de perfeccionamento con B. Ferneyhough, J. Rueda, J.M. López, C. Halffter, T. Marco, L. de Pablo, M. Hernández Silva, P. Sánchez Torrella etc. Obtivo o Diploma de Estudos Avanzados (DEA) pola UCV.

Desde 2004, ocupou unha cátedra no Conservatorio Superior J. Rodrigo, de Valencia.

Desde que ganou en 2001 o "Andrés Gaos" na Coruña e desde que estreara coa OSG, desenvolveu unha intensa carreira como compositor, director e docente. Recibiu premios e distincións en Francia, Italia, EE.UU. e España. As súas obras interpretáronse na maior parte de Europa, América e Asia. As súas partituras están editadas en España, Francia, Suíza e EE.UU. No terreo sinfónico, estreou coas sinfónicas de Valencia, Galicia, Córdoba, Murcia, RTVE, Nacional de España, The World Orchestra, solistas do Covent Garden, Filarmónica de Medellín, Baltic Neopolis etc. Conta cunha ampla discografía, realizada en España, Noruega, Francia,

→

PROGRAMA

ENSEMBLES III + BELMONTE

I PARTE

CONTRAFACTA HUNGARICA (1074)
para octeto de vento **
Ferenc Farkas (1905-2000)

I. Basse Danse II. Gagliarda III. Passamezzo IV Saltarello V Intermezzo VI Heiduckentanz

DIXTOUR, PEQUENA SINFONÍA nº 5 Op. 75 (1922)
para ventos **
Darius Milhaud (1892-1974)

I Rude II Lent III Violent

SEPTETO (1948)
para ventos **
Paul Hindemith (1895-1963)

I Lebhaft II Intermezzo III Variationen IV Intermezzo V Fugue Alter Berner Marsch

II PARTE

TERCIO DE QUITES *pasodobre taurino (1981)*
Rafael Talens (1933-2012)

BELMONTE *selección (1988)* **
Carles Santos (1940) *

I El toro II Esplendor del miedo y la insolencia III 1º toque IV Estructura de la arrogancia V 2º toque VI Banderillas VII 3º toque VIII Muerte

Solistas: **J. A. Presa Carrera** (saxofón soprano);
J. L. Silva García (trompa);
M. Rodríguez Barrio (tuba)

PAN Y TOROS *pasarrúa (1864)*
Francisco A. barbieri
arr. Fernando Bonete

* En conmemoración do seu 75 aniversario
** 1ª audición da BMMC

Nota: polo ben de todos prégase desconecten os móviles durante o tiempo do concierto. Grazas

Suíza, Holanda, EE.UU. e Xapón. Foi directivo da Asociación de Compositores Sinfónicos Valencianos, residente do Festival Internacional Spanish Brass e da Joven Orquestra de la Generalitat Valenciana. É membro de número da M. I. Academia da Música Valenciana.

Foi director principal invitado da Orquesta y Banda Primitiva de Llíria; fundador do ensemble Estudi Obert; director das bandas da SAM de Picassent, o CIM de Mislata e a Lírica de Silla; como invitado dirixiu, entre outras formacións, a Orquesta de Valencia, as bandas municipais de Valencia, Madrid, Barcelona, Alacante, A Coruña, Santiago de Compostela etc., así como a banda da FSMCV, a de Musikene, a Artística de Buñol, o Día de la Música Valenciana etc. Dirixiu estreas absolu tas e nacionais de L. Balada, H. Mertens, M. Daugherty, S. Sciarrino, de L. Berio, R. Mira, F. Tamarit, Ll. Barber, J. Lord etc. Dirixiu en varias ocasións ensembles, ópera en concerto e bandas sinfónicas no Festival Internacional de Música Contemporánea de Valencia Ensems. Ademais, a súa versatilidade levouno a abordar proxectos singulares, como a gravación dun DVD para Sony co grupo de rock Barón Rojo e o CIM de Mislata.

VINDEIROS CONCERTOS

PAZO DA ÓPERA

13 de decembro - 12.15 h

DIRECTOR: A. VALERO

20 de decembro - 12.15 h

DIRECTOR: J.L. REPRESAS

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en ***banda@coruna.es***

PAZO DA ÓPERA

29 DE NOVEMBRO - 12.15 H.

DIRECTOR:
ANDRÉS VALERO-CASTELLS

TEMPADA 2015/2016

BMMC
BANDA MUNICIPAL
DE MÚSICA DE A CORUÑA